

Oito contratos de traballo no que vai de curso dos PCPI

REPORTAXE P.C.R. | Actualizado 06 Abril 2014 - 03:14 h.

Comparte:

Me gusta 6

Tweetear 2

8+1 0

Más opciones

Vota esta noticia:

★ ★ ★ ★ ★

Más acciones:

- Imprimir
- Enviar email
- Ampliar texto
- Reducir texto



Os alumnos realizan as prácticas en centros de traballo das empresas que colaboran nos plans

Desde hai máis dunha década, os Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) que se desenvolven na comarca de Ferrolterra fanho baixo unha modalidade de colaboración entre institucións públicas (Xunta e Concellos), centros educativos e empresas que está a acadar bos resultados de inserción laboral. Como media, o 30% do alumnado que desde 2001 participou nestes plans acadou un posto de traballo ao rematar a formación no oficio elixido.

A esta mesma porcentaxe se pretende chegar no curso actual, no que se matricularon 135 persoas e no que, ata o momento, xa se formalizaron oito contratos de traballo, tal e como se puxo de manifesto desde a propio comisión técnica dos plans.

Estas persoas que veñen de conseguir a súa incorporación ao mercado laboral forman parte dos 61 alumnos maiores de 21 anos que o pasado 28 de marzo remataban a súa fase de prácticas non laborais nas distintas empresas que colaboran con estes programas.

Pola súa banda, os mozos de idades comprendidas entre os 16 e 21 anos tamén matriculados nestas accións formativas, continúan coa realización das prácticas non laborais. Neste caso, trátase de rapaces matriculados nos institutos da comarca integrados nos PCPI, como son os IES Canido, Ferrol Vello, Catabois, Fene, Fernando Esquilo de Neda, CPI O Feal de Narón, CPI Conde de Fenosa de Ares e o IES Urbano Lugoña da cidade da Coruña. Estes casos, este primeiro curso dos PCPI darallos a posibilidade de acceder a un segundo curso de programa e obter o graduado de ESO e, ao mesmo tempo, conseguir unha cualificación profesional de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

perfis profesionais

O alumnado dos PCPI distribúese entre os diferentes perfis profesionais ofertados, cada un dos cales se desenvolve nun dos centros mencionados anteriormente e nas entidades empresariais colaboradoras. Así, na lista de oficios deste ano figuran o de Comercio, nas modalidades de reposición, alimentación e almacén; Servizos de Restauración; Carpintería; Pastelería e Panadería; Limpeza de inmobles; e Xestión deportiva, que se imparte por primeira vez no curso actual.


agradecemento

No ecuador do curso, a Comisión Técnica dos programas da comarca de Ferrolterra quixo aproveitar para expresar de xeito público o seu agradecemento ás 59 empresas –cun total de 101 centros de traballo– coas que se formalizaron convenios formativos para o desenvolvemento dos programas, “polo seu compromiso desinteresado para acoller e formar alumnos cara a súa inserción no mercado laboral”, comentan desde a organización.

Aínda que o principal propósito destas accións é facilitar a inserción laboral, o paso polas mesmas permite a moitos mozos que non tiñan o graduado en ESO reincorporarse aos estudos, tal e como en moitas ocasións se saíntou. Desde a súa posta en marcha en 2001, aos centros ferroláns –os primeiros en desenvolver esta modalidade–, fóronse sumando outros da comarca, que tamén viron nesta opción unha boa ferramenta para promover a incorporación dos rapaces ao mercado de traballo.

Agora, e coa implantación da nova Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (Lomce), coñecida popularmente como “Lei Wert”, os PCPI desaparecerán na súa estrutura actual ao ser substituídos pola nova Formación Profesional Básica. n

PUBLICIDAD



NOTICIAS DE HOY

1 El As Pontes sigue con vida al ganar a un rival directo

2 Un punto que vale toda una segunda plaza

3 Miriam Casillas y las cadetes del Ferrol, medalla de oro en Avilés

4 Gómez Noya se apunta el primer asalto de las Series

Diario de Ferrol en la red



Diario de Ferrol en Facebook

ME GUSTA



Diario de Ferrol en Twitter

SÍGUENOS

PUBLICIDAD

Gas Natural Fenosa
Si contratas nuestro servicio de mantenimiento disfrutarás de 50% en el fijo del Gas.
» Pincha aquí

Los nutricionistas están fascinados
Gracias a un método de Boston, hay personas que han perdido 12 kilos en tan sólo 4 semanas. Todo por sólo 39 €.
» Pincha aquí

Kredito24, microcréditos
Consigue tu préstamo GRATIS en sólo 15 minutos, sin ningún papeleo y 100% online.
» Pincha aquí

HOY: Nuevo iPhone - 17€
Experto en compras desvela cómo los españoles consiguen gangas aprovechando un vacío legal
» Pincha aquí

Westwing Home & Living
Accesorios para el hogar con estilo con hasta -70% de descuento! Regístrate ahora gratis!
» Pincha aquí